


USOS E IMPORTANCIA DOS MINERAIS E ROCHAS

IMPORTANCIA DOS MINERAIS

O ser humano sempre utilizou as rochas e os minerais



Para fabricar ferramentas e utensílios



Para construir as súas vivendas



Nos últimos séculos como fonte de enerxía

IMPORTANCIA DOS MINERAIS

Na actualidade, os minerais teñen distintos **usos**:

- Minerais que constitúen a mena de **metais** útiles. Exemplo: da bauxita extráese aluminio.
- Minerais usados como **materia prima** para elaborar substancias de utilidade para o ser humano. Exemplo: da baritina extráense pigmentos para pinturas.
- Minerais para **producción enerxética**. Exemplo: uranita, polo seu contido en uranio para as centrais nucleares.
- Minerais usados en **xoiaría**.



USO DAS ROCHAS

Os **usos** das rochas son os seguintes:

- Na **construción**: granito, mármore, lousa...
- Na **escultura**: mármore.
- Na fabricación de **vidro**: arenito.

- Na **alimentación** e na **industria química**: sal xema.
- Como **combustibles**: petróleo e carbón.

MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN




Bloques de granito e arenisca



Bloques de granito



Cemento, xeso e escaiola



Formigón, metais e vidro

USOS ORNAMENTAIS




Mármore

RECIPIENTES



Arxila

ENERXÉTICOS



Petróleo

INDUSTRIA QUÍMICA



Plásticos

XESTIÓN DOS RECURSOS

- Os recursos mineiros son escasos e non renovables, polo que se esgotarán se non se fai unha xestión sostible deles.
 - **Uso eficiente dos recursos:** desenvolvemento de novas tecnoloxías que permitan aforro de minerais.
 - **Sustitución de recursos escasos:** por outros máis abundantes que cumplan a mesma función
 - **Reciclaxe e reutilización:** para evitar ou reducir a extracción de recursos.
 - **Extracción sostible:** baixo medidas de protección ambiental



OS XACEMENTOS MINERAIS

- Un **xacemento mineral** é un depósito natural de mineral ou de rocha cuxa extracción é útil para o ser humano.
- Dúas formas de extracción:
 - **Explotacións a ceo aberto:** excavacións realizadas na superficie do terreo ata chegar ao xacemento. Nelas obtemos gravas, areas, calcarias, mármore, granito e carbón.
 - **Minas:** instalacións subterráneas con pozos e galerías para acceder ao xacemento. Extráense metais, pedras preciosas e carbón.



XEOLOXÍA DE GALICIA

Os materiais rochosos que forman Galicia foron afectados por grandes forzas tectónicas que lle deron a forma e a disposición que coñecemos. A paisaxe está formada por un mosaico de rochas de diferentes orixes, procedencia e, tamén, de idades xeolóxicas diversas. Galicia corresponde á **zona silíceea**. Caracterízase por ser **moi antiga** e pola presenza de **rochas magmáticas** (granitos) e **metamórficas** (lousas, gneis, xistos e cuarcitas).



USO DAS ROCHAS EN GALICIA

Líder na extracción de: **granito** (famoso o rosa de Porriño. Uso construción) é a rocha máis abundante de Galicia. Composto de cuarzo, feldespato e mica.



As **lousas** (sobre todo en Ourense e Lugo. Usado para cubertas das casas) teñen un tamaño de gran moi fino, o que lle da a esta rocha un aspecto homoxéneo. Fórmanse a partir de arxila e adoitan ter cor gris oscura e exfoliación laminar



Calcarias, utilízanse na fabricación de cementos. Compostas fundamentalmente de carbonatos de calcio (calcita). Formados pola **sedimentación** de cunchas de moluscos

MINERAIS EN GALICIA

- **Cuarzo:** fabricación de cerámicas, vidro, pinturas.
- **Caolín:** arxila de cor branca. Usos: elaboración de papel, fabricación de cerámica, industria farmacéutica...
- **Magnesita:** extráese da mina de Rubián (Lugo). Uso: insecticidas, fertilizantes, ladrillos, etc.
- **Ouro:** foi un dos minerais máis explotados por celtas e romanos. Na actualidade apenas existen xacementos.
- **Carbón:** en 2007 pecháronse as explotacións en Meirama e As Pontes ao esgotarse o recurso e debido tamén ao impacto ambiental.
- **Estaño e volframio.** Durante a Segunda Guerra Mundial para a elaboración de armamento. A ceo aberto: Penouta (Ourense) e Monte Neme (A Coruña) e de forma subterránea en Santa Comba e Fins (A Coruña).

